


[marzo 1992]



Colectivo Sai de Compostela  
Nº 3  
SHOMOS



# EDITORIAL

Tras un longo debate interno, plantexámonos como colectivo a posibilidade de cambio de nome, baseándonos en que a palabra homosexual tiña unhas connotacións médicas e catalogadoras, que limitaban a actitude de loita e reivindicacións que este colectivo ten na súa base. Po-lo tanto decidimos cambiar esa expresión por outra máis consecuente cos nosos obxetivos, resolvendo sustituí-la por "gai", que consideramos ten uns matices máis abertos e lúdicos, así como unha significación de asunción e concienciación da nosa discriminación, e das causas ideolóxicas, sociais e culturais que a motivan.

Decidimos, pois, que o noso novo nome é COLECTIVO GAI DE COMPOSTELA.

+++++

## ASI AVANZAMOS

A Igrexa Católica esixirá a todos os individuos que queiran exercer o sacerdocio, ou reunir-se en comunidades relixiosas, que se sometan á proba da SIDA. Disque tomase esta medida pola existencia de relixiosos contaxiados da enfermidade en relacións sexuais, maioritariamente homosexuais.

O que máis preocupa a O Vaticano e a ruptura do voto de castidade e a homosexualidade no seo da Igrexa, ao que contestou impoñendo secretamente esta proba, proba que xa se está a realizar nalgunhas comunidades e ordes eclesiásticas do Reino Unido. Algunhas persoas foron xa rexeitadas por este motivo.

Por outro lado, a proba está a ser utilizada de forma discriminatoria, xa que aplica-se a sacerdotes africanos que queren estudar en Roma, e non a europeos nas mesmas condicións.

Diario 16 Galicia  
Martes 17-Marzo Pag. 39

E triste. Mentres a sociedade dá un paso adiante, a Igrexa da dous caras atrás. Mentres moitos países prohiben a utilización da proba da SIDA con fins discriminatorios mesmo en sectores concretos (laborais), a Igrexa propón como condición sine qua non os individuos non poderán acceder á institución.

Parece que coa disculpa de que "deus é grande" todo vale, non?.

## BOICOT GAI

queer Nation, organización norteamericana en defensa dos homosexuais e lesbianas- planea un boicot na próxima cerimonia de

entrega dos Oscars (30 de marzo).

A protesta, realizada por varios colectivos gais ademais do antes dito, foi xa xeneralizada o venres 22 de marzo deste ano, co estreno da película "Basic instinct", na que unha lesbiana, interpretada por Sharon Stone, é unha asesina que mata

a varios homes e é perseguida por un policía violento e obsesivo, ao que dá vida Michael Douglas. Producíronse manifestacións diante de todos os cines no que se produciu o estreno.

Estas asociacións critican tamén a Oliver Stone pola forma en que retrata a varios personaxes homosexuais na película "JFK", cri-



tican o contido de "O silencio dos cordeiros" e de "Fried green tomatoes" ("Tomates fritos verdes") todas elas nominadas ós Oscars deste ano.

## O NOSO PRIMEIRO CONTACTO

Hola. Son un rapaz de 21 anos, de Vigo, universitario e con desexos de facer novas amizades e algo máis. Busco mozo de similares características a quen lle guste charlar, pasear e divertirse. Prometo contestar a todas as cartas. Ap. 1721. Vigo.

Chámome Dani.



# COLABORACIONES

## 62 CONGRESO UNIVERSAL DE ESPERANTO EN BERGEN (NORUEGA)

Case 2500 persoas de 57 estados participaron desde o 27 de xullo ao 3 de agosto de 1991 no Congreso Universal de Esperanto deste ano que tivo lugar na cidade portuária de Bergen. Sen dúbida un grupo importante foi o constituído polos membros de L.S.G., Liga de Espeerantistas Homosexuais, que en 1990 na Habana (Cuba) foi recoñecido pola Asociación Esperantista Universal (U.E.A.) coma asociación colaboradora.

É de destaca-la invitación, en Bergen, por parte da Homofil Bevegelse i Bergenao, centro gai local, onde ao longo de dúas inolvidables noites, 25 gais esperanto-falantes se encontraron con outros tantos gais de Bergen: ao comezo da semana cun xantar festeiro; á fin da mesma cun café e unha visita a unha discoteca gai. Os nosos anfitrións noruegueses impresionaron-nos coa súa naturalidade, amabilidade e sinceridade -seica a frialdade escandinava non se sentiu en absoluto.

Impresionantes foron tamén as informacións dos gais de 15 diversos estados, por exemplo sobre as moi diferentes circunstancias en cada unha das antigas repúblicas soviéticas ou sobre a aínda moi difícil situación na Rumania, on e os gais continúan a ser perseguidos. A semana de encontros seguiron demostracións espontáneas de solidariedade, colaboracións recíprocas e amizade.

Tamén se celebrou a Asamblea Xeral Anual de L.S.G., que hoxe en día conta con membros en 34 estados, logo de tan só 14 anos de existencia. En 1992 reuniremonos en Viena (Austria), onde se espera que a finais de xullo unhas 4000 persoas participen no Congreso Universal de Esperanto. Se até entón alguén quere aprender a falar fluidamente o Esperanto ou simplemente se interesa por nós, pode dirixirse a;

Xesús Muñíos Pardavila  
Avda. do Frago, 103 8ªezda.  
36210 Vigo



3-8-91  
BERLIN

Em Friedrichstr., colhendo a linha número sete do metro, dirección Rudow, e polo módico prezo de dous marcos, estudantes e desempregados, e quatro marcos os traballadores-traballadoras, atopamos, no número 61 o primeiro e único, até hoje, museo de homosexuais.

Aquí aprendemos os visitantes, que em 1869 na Alemaña os grupos de homos ja tinham lugares de encontro e esparcemento, o que hoje chamamos "ghetto". Un famoso local era "Eldorado" que sofreu diversas vicisitudes em alguns anos. De ser un lugar de encontro-reencontro e disfrute convertiu-se em centro de travestis, para mais tarde reconverter-se em lugar turístico.

Os anos oscuros, anos de nacional-socialismo, este local foi clausurado e os homos acosados até ser identificados com um triângulo rosa invertido nas suas roupas. Moitos foron os decentes e honestos cidadáns que chamavam á policía para lhes advertir de que tal visinho tiña tal condición, assim que, muitos destes homes tiveron que reprimir-se duramente e levar unha vida case anónima para non despertar sospeitas.

Na exposición do museo atopamos antigos libros que tratavam "cientificamente o problema homo". Pinturas-retratos de parellas, fotos, publicacións de jornais que tratavam o tema da homosexualidade.

Antes da chegada de Hitler ao poder, existia unha comissom que tratou a lei laçon existente sobre homosexualidade on de participavam membros destacados do SPD (socialdemócratas, como Bedel, por exemplo).

O tema que tratavam era se os homos eram doentes ou criminosos. Estaría bem saber o fim desta discusión, o caso é que antes de remata-la chegou o fascismo e os homos non existiron mais.

Em 1969 desapareceu a lei de perigosidade social, que fazia referencia aos homos. Dous anos antes, em 1967, este passo dera-se na antiga DDR.

Saudos desde Berlim.  
Marisa



## opinión

### CUSTION DE "TAMANOS"

Segundo os resultados das investigacións do neurocientífico norteamericano Simon LeVay, os homosexuais temo-lo máis pequeno (o Hipotálamo, se entende)

LeVay asegurou achar diferenzas entre os cerebros dos varóns homosexuais e dos heterosexuais.

Os primeiros posuen un módulo dentro do hipotálamo, rexión do encéfalo que controla a nosa actividade sexual, tres veces menor que os segundos e similar ao das mulleres.

Ainda sen confirmar tal "descubrimento", pero co efecto-sensación xa conseguido de gais e lesbianas somos "diferentes" ao resto, "especiais"...etc, a Ciencia da man de LeVay reaviva o Mito da Diferencia Homosexual.

#### SOMOS DIFERENTES?

Parece unha senténcia inapelábel a existéncia de categorías sexuais (homosexuais, heterosexuais,...) claramente delimitadas e diferenciadas unhas das outras.

Seguen a existir multitude de estereotipos sobre as persoas que aceptamos o noso desexo cara as persoas do propio sexo.

Perviven demasiados esquemas sexuais (tamén morais, ideolóxicos...) que truncan enormemente a amplitude do desexo, da afectividade, do amor...., que sosteñen prexuízos rexeneradores de intolerancia e discriminación.

É tendencioso partir dunha clasificación sexual diferenciadora dos seres humanos á hora de levar a cabo unha rigurosa investigación científico-médica.



É difícil de creer que todos os cerebros que Simon LeVay marcou como homosexuais fosen "homosexuais puros ou exclusivos", que nunca senti senningun desexo ou reacción cara ao sexo oposto.

Seguro que ningún "cerebro" heterosexual manifestou en algunha ocasión estímulo ou reacción polos seres do seu propio sexo?

Cómo demostraría isto aínda confirmando-se a hipotética diferenca celular?

A "homosexualidade" como práctica, lonxe de ser unha "rareza" dentro das nosas sociedades, está moi extendida.

Según o informe Kinsey (de 1948), o 37% do varóns alcanzaron algunha vez o orgasmo con outros varóns; considerando o simple desexo as cifras disparan-se.

Achou-se que os "homos e heteros exclusivos" son bastantes infrecuentes, no sentido de que a maioría dos individuos manifestan "heterosexualidade" e "homosexualidade" ao longo de toda a súa vida en grados variábeis, simultánea ou sucesivamente, de forma episódica, permanente ou cíclica. Por iso podemos dicir: non existe A Homosexualidade, como non existe A Heterosexualidade senón como categorías mentais que só nos sirven para aclarar-nos e poder falar e estudar. Non existen como "maneiras de ser esenciais" encarnadas por certos individuos/as. Non existe unha maneira de ser homosexual, como non existe tampouco unha maneira de ser heterosexual.

Non existe "o homosexual" ou "o heterosexual". Só se pode falar de orientacións nas preferéncias e conductas eróticas (reaccións emocionais ante persoas de un ou outro sexo) manifestadas po-



# opinión

## A ORIXE DUN DESEXO

Posiblemente nos preguntamos algunha vez o porque dunha determinada orientación sexual.

A resposta é difícil, pois son moitos os factores que inflúen na elección do obxecto, e moi variados os obxectos a elixir. Debemos engadir que esta teoría non se debe desligar, tamén, da adquisición doutros tipos de orientacións, xa sexan relixiosas, laborais, artísticas, etc... acompañadas das ideas de amor e morte que conducen a nosa vida.

Todo comeza a moi temprana idade; ó redor dos 5-6 anos o neno xa realizou a súa elección de obxecto. Esta pode sufrir variacións ao longo da súa vida, pero que dificilmente conseguen desvialo do seu primeiro eixe.

Para comprender este proceso hemos de considerar ao neno coma un potente e sofisticado receptor de todo o que acontece ao seu redor, a súa linguaxe e principalmente inconsciente. Sendo capaz de captar situacións de alegría, tristeza ou tensión, aínda que as persoas que o rodean intenten mantelo apartado.

Por exemplo, un pai con ideas depresivas transmitirá sempre estes pensamentos ao seu fillo. A única forma de evitar esta transferencia negativa sería só mediante a superación, por parte do proxenitor, deste tipo de ideas. Enganar ao fillo resulta imposible.

Agora ben, tomemos ao noso rapazolo da man e introduzámoslo nun ambiente familiar no que aparezan diferentes comportamentos, roles e actitudes que nun primeiro momento non consegue diferenciar, aceptándoo todo con igual intensidade. Establecese coma única dualidade a separación entre sensacións agradables e desagradables, por tanto, aparece un proceso de acercamento cara aquelas persoas das que proveñan as sensacións placenteiras. Ao longo da súa vida aparecen situacións contradictorias que o obrigan a elixir para poder satisfacerlo seu desexo; vendose sumerxido constantemente nunha intensa dicotomía que culmina nun proceso delimitado xeralmente por unha figura humana na cal imaxina recollidas a maior parte de sensacións, ideas ou comportamentos que sentiu como agradables; introducindo este novo ser no seu propio corpo e aceptando todo o que del proveña.

Este ideal de persoa adoita coincidir con aquelas que se encontran preto del, xeralmente opai e a nai, aos cales se

lles engaden unha gran cantidade de novas facetas que definen a personalidade propia e individualizada do noso xoven heroe.

Por exemplo: un neno VARON, QUE TERMINA IDENTIFICÁNDOSE coa figura paterna, adquirirá xeralmente un comportamento heterosexual, aínda que moitas veces esta identificación pode conlevar un comportamento homosexual. Outras veces a heterosexualidade do varón está inducida pola figura materna. As posibilidades de combinación son múltiples, incluso unha mesma persoa pode ter capacidade para inducir comportamentos diferentes, sendo neste caso decisivo o momento de identificación. Outro elemento importante que debemos considerar é o obxecto de elección. O feito de por nome (homosexual, heterosexual, etc...) a dita elección constitúe un grave erro, xa que a definición de masculino, feminino, home, muller, coma comportamentos e actitudes son difíciles de delimitar.



Alguns tipos de elección, chamado heterosexual, levan xeralmente un componente homosexual, debido a que o tipo de muller elixida (por parte do home) se rodea de connotacións masculinas, adquirindo esta (a muller), na relación de parella, un rol masculino. Igual sucede co tipo de elección chamado homosexual, no que moitas veces a elección de obxecto (por parte do varón homosexual) se achega mais ao ideal feminino que outros tipos de eleccións heterosexuais.

A sociedade tomou o camiño mais fácil utilizando coma único parámetro de clasificación a diferenza anatómica (ás veces tamén dubidosa), e rodeando de prexuízos, dificultando, unha vez mais, o estudo dunha importante faceta do ser humano que nos axudaría a comprendernos e a nos unir neste difícil tránsito pola vida.

Luis de FEBRERO



## HOMO-U.S.-FOBIA ARMY

O xuíz federal estadounidense, Oliver Gasch ven de recoñecer-lo dereito da mariña dos EEUU a expulsar ao cadete Joseph Steffan da Academia Naval de Annapolis por correren os seus compañeiros o risco de contrae-la SIDA. Steffan, que non padece a síndrome, recoñeceu en 1987 perante os seus superiores que era homosexual. Unha vez expulsado, presentou no ano seguinte un pleito contra a mariña, resolto recentemente coa sentenza do xuíz Gasch. Dito maxistrado apoiouse no dato sanitario oficial de que o 59% dos casos de SIDA coñecidos nos EEUU se deben a prácticas homosexuais, respaldan do directamente a prohibición de homosexuais no exercito.

Desde o 1982 verificáronse 13000 casos de expulsión de homosexuais e lesbianas da armada estadounidense.

Queda patente a discriminación sufrida polos gais e as lesbianas norteamericanos, esta vez nas Forzas Armadas dos EEUU.

Animamos aos afectados e afectadas a recorrer estas sentencias homofóbicas e discriminatorias, e a loitar contra o heterosexismo predominante.

Seguese a identificar SIDA con homosexualidade, a pesar da suposta desaparición dos grupos de risco logo do caso Magic Johnson.

Apoiamos aos expulsados-expulsadas para que cando logren ser readmitidos/as sexan eles quen de rexeitar a pertenza a un exército machista, homofóbico,....repressor e antidemocrático.

## NA RADIO

A COPE está a ofrecer en Madrid un espacio na súa programación para dar voz aos grupos que compñen o Consello da Xuventude da cidade. A todos menos ao Colectivo Gay de Madrid (COGAM). "Os gais non van coa liña editorial do programa, e menos coa da COPE.

"Da igual que veñan outros grupos de dentro ou de fora do C.X.M., pero COGAM non", foi a explicación.

A nosa solidariedade co COGAM.

## AMNISTIA INTERNACIONAL/HOMOSEXUALIDADE

A COFLHEE (Coordinadora de Frentes de Liberación Homosexual do Estado Español) á cal pertence o C.H.C. mantivo unha reunión co secretariado estatal de Amnistía Internacional (AI) en España para solicitar que concrete a postura desta organización respecto á resolución que veñen de aprobar, na cal adopta-se ás persoas perseguidas pola súa homosexualidade como presos de conciencia. Se ben esta resolución non é aplicábel en casos de menores de idade.

A COFLHEE denuncia que non existen razóns para unha restricción así nos presos de conciencia gais.

## SANTA ABSTINENCIA

A recente decisión do Sínodo dos Bispos da Igrexa Anglicana, pola cal admítase que os homosexuais poidan exercer en ela o sacerdocio, a condición de observar unha estrita abstinencia sexual presta-se a interpretacións contradictorias. Por unha parte resulta esperanzador que xerarquia dunha igrexa cristiá recoñeza ao fin que no seo das relacións homosexuais pode dar-se valores como o amor e a fidelidade, considerados até agora incompatíbles cunha práctica esencialmente pecaminosa.

Que os bispos anglicanos recoñezan como tradicionalmente as autoridades eclesíásticas exerceron contra a homosexualidade un poder represivo, alimentado o prexuízo e a ignorancia é aínda mais meritório.

Sen embargo, ao confinar aos sacerdotes homosexuais á abstinencia, co argumento de que evitarán o escándalo e imitarán a vida evanxélica, a Igrexa Anglicana non fai senon dar nova evidencia da visión profundamente restrictiva e inhumana que a tradición cristiá impón sobre o sexo. Todas as limitacións e contradicións deste novo avance da Igrexa de Inglaterra quedan reflexados, en suma no escrupuloso coidado con que o documento "CUESTIONS DE SEXUALIDADE HUMANA" precisa que o amor homosexual non é, para as autoridades anglicanas, en modo algun equiparable ou alternativo ás relacións heterosexuais.




CONSERVADOR. SIR, GAI

O destacado e ben coñecido actor de dramas shakespearianos SIR IAN MCKELLEN visitou ao primeiro ministro John Major. A homosexualidade de Sir Ian é coñecida pública e abertamente, e o obxectivo da visita foi tratar os dereitos de gais e lesbianas, e as leis discriminatorias. De ambas partes chegaron protestas. Algúns gais queixáronse de que Sir Ian se ofrecera a facelo sen discutilo con ningún tipo de organización e sen ser escollido por votación ningunha. Por outra banda, algúns parlamentarios do partido conservador argumentaron que o concepto conservador dunha boa sociedade debe basearse nos costumes cristiáns e na superioridade da vida familiar, concepto que trata aos gais e lesbianas coma persoas rexeitables.

Ademais dos pasos cara a unha maior igualdade de dereitos recollidos xa no programa dos partidos laborista e demócrata liberal, cóntase tamén co apoio dunha parte considerable do partido conservador.

O primeiro ministro Major mostrara a súa postura xa algunhas semanas antes, cando esixiu que a administración estatal aceptase, sen discriminacións, a gais mesmo nos mais altos postos do servizo diplomático británico. "¿Cómo podería haberlo risco dunha chantaxe a un gai liberado?", preguntou.

Foi a primeira vez que un gai británico logrou visita-lo palacio do primeiro ministro para tratar este tema. A través do telexornal, todo o estado foi informado sobre o acontecemento.



DE NOVA ZELANDA

Desde agora está vixente na Nova Zelandia unha nova lei de emigración, segundo a cal o compañeiro homosexual dun neozelandés ten dereito a emigrar no país. O neozelandés a confirmar que a convivencia data de polo menos catro anos, para que a súa parella poida obter ao momento a nacionalidade. Para relacións de menor duración a lei dá dereito ao traballo no país.

MEL GIBSON: COMPENDIO DE HOMOFOBIA

Nunha entrevista publicada no Dominical de EL PAIS o 1/12/91, este actor manifestou en relación coa homosexualidade:

"Aos homosexuais que lles den polo cu. O cu non é máis que para cagar".

Mais: "Ainda que eu sexa actor ningún podería pensar que son maricón: ¿Quén vai creer que son gai co meu aspecto? ¿Falo como eles? ¿Movome como eles?...  
TODO UN "OSCARAZO PARA MR.GIBSON.




# NOVAS ROSAS

## VIVIENDAS PUBLICAS PARA PARELLAS GAIS

"Homosexuais italianos saltan á política e alcanzan o recoñecemento social" con este titular saía o 22/2/92 en El Mundo un artigo sobre un grupo de homosexuais, ARCI GAY (Asociación que aglutina a homes e lesbianas de toda Itálias) que venen de realizar o seu V congreso.

A polémica de fai un mes en Bolonia debe-se ao recoñecemento, por parte do Concello boloñés, ás parellas non casadas o dereito de un piso subvencionado. Xa en 1985 o concello cedeu aos gais o histórica caserón de Puerta Zaragoza.



Nunha cidade tolerante, pero tamén oscurantista o cardenal Giacomo Biffi arremete contra as "parellas infecundas"

Outro membro da curia fala xa de "Bolonia e Gomorra", "a maldición de Dios está a caer".

Filippo Berselli, líder ultraderechista: "Bolonia, a cidade mais maricona de Italia".

A tolerancia primou e os boloñeses pu xeron-se de lado dos gais, que contabilizaron a súa enésima victoria moral.

A Franco Grillini, presidente de ARCI GAY case lle divirten os entretamentos coa Igrexa: "Viven noutro mundo". Son incapaces de admitir que o concepto tradicional de familia está caduco, que a xente -e non só os gais- optan tamén por outras formas de convivencia que non pasa polo sulgado ou pola vicaria.

Tra-lo Congreso este grupo constituirá-se coma un partido "transversal" con programa político, pero respectando a ideoloxía de cada un dos seus membros.

Pretenden crear unha comisión para a igualdade de oportunidade en todos os ministerios, para a integración social de enfermos de SIDA e un programa de educación sexual nas escolas.

En contra dos ghettos para gays e reivindicando 24 horas de liberación ao día Grillini soña cun Partido de Homosexuais Europeo, aínda que sabe que quedan moitas fronteiras por romper.


## V CONGRESO CONFEDERAL CCOO

Neste último Congreso de CCOO aprobou-se a "Resolución sobre a marxinação das persoas homosexuais".

En dito documento fai-se un estudo sobre a homosexualidade, afondando na súa problemática e na acción sindical a levar a cabo:

"Poñere-se especial énfase nas posibles situacións de discriminación laboral que poidan sufrir os traballadores e traballadoras polo feito de ser homosexuais. Outro obxectivo prioritario de CCOO será a obtención para as parellas de feito de persoas do mesmo sexo dos mesmos dereitos recoñecidos ao casoiro heterosexual".

Felicidades pois a CCOO polo traballo realizado e pola súa aprobación congresual.





# opinión

DUAS COUSAS SON INFINITAS:  
O UNIVERSO E A ESTUPIDEZ HUMANA  
(Albert Einstein)

-Baixo a excusa dunha publicitada loita contra o narcotráfico e o terrorismo, a libertinaxe do Estado intenta soxulgar a moderada liberdade do individuo. Neste "país" aprecia-se con notoriedade unha viraxe no espírito político, no que a nota clave a ofrece o feito de que o Estado non esté ao servizo do Povo, senón que sexa este o sometido aos vaivéns e antollo daquel.

-Non resultou fácil o cambio do rexime; as conquistas das liberdades básicas custaron (e aínda hoxe custa a súa defensa) un alto prezo. Pese ós erróneos sinais de progresión cara á tolerancia, pronto os Señores do Sistema, as "Señorías" deron mostras de que o seu esquema mental tén un cariz involucionista.


Os Baróns da man dura xustificada nunha cínica "Defensa de la ley y el orden" puxeron o guante brando dunha "Democracia" que non lles convencia, de modo que aquel que antes apretou o frío aro do ga rrote hoxe puidese elaborar decretos.

-Resulta pouco gratificante advertir na Lei de Seguridade Cidadá como un gabinete intenta imantar a poltrona do poder ofertando novo ritmo ao cachondeo político do país, pasando da danza do sabre á danza do porra, aínda que niso vaian en xogo principios, dereitos e liberdades con templadas na mesma base do sistema que dá lexitimidade a ese seu goberno.

-Quizá os liberticidas que hoxe se acomodan no aparato do poder olvidaron tempos pretéritos nos que "os de a pé" sufrían dun temor. O "alto, os papeis!" do omnipresente funcionario vivía dos "BOS COSTUMES"; dunha doenza: as detencións arbitrarias que hoxe quixeran disimular baixo o apelativo "progre" de "retención"; da inseguridade latente no ambiente.

-Xogo maniqueo este, o dun partido que de tanto flirtear coa dereita perdeu o seu rumbo, que implica un freo na consolidación e desenvolvemento da liberdade individual e que deixa plantexados sérios interrogantes sobre o respecto a dereitos básicos nun cidadán inquietado pola autoridade pública.

Unha inquietude e preocupación plasmadas así mesmo nas declaracións do defensor do pobo, do todopoderoso Xulz Garzón, de numerosos intelectuais... acerca



dos riscos que se derivarían da posta en práctica da Lei. ¿Despertan as súas opinións "sombros" na repetibilidade que gozan?

-Malos presaxios temos ante unha lei temida e rexeitada pola opinión pública, e ratificada polas súas "Señorías". ¿Qué debemos entender pola consigna de ter a evidencia de que se está cometendo un delito? ¿O encontro de dous homes unha noite nun parque calquera; a práctica sexual entre persoas do mesmo sexo; o feito homosexual descuberto ao outro lado da porta que protexe a intimidade das persoas e a inviolabilidade do domicilio; desafogar nun local de ambiente descafeinado; o "maruxeo" en lugar público; o meter man a o meu tío...? Como o mango, ministro, ¡provocas como o mango!

É moita a ambigüidade da lei e maior aínda a marxe de acción deixada á interpretación dos membros de Corpos de Seguridade como para non temer potenciais arbitrariedades (lea-se escándalo público. Atentado contra os bos costumes e moral) nun país no que, por exemplo, a posta en práctica do artigo 14 non sempre interese.

-O propio Rei advirte do perigo da corrupción xeralizada, a desidia e o inmovilismo: "A administración ás veces vai por detrás da sociedade, en lugar de ir por diante" (26/27, Xuño-91).

-Sen dúbida algo se esta a cocer na trastenda da Bodeguilla: informatización de fichas policiais e informacións do ámbito persoal, imposición do NIF, obligatoriedade de portar o DNI ao mesmísimo retrete (por se acaso). A fantasma franquista non a levou o vento da historia, rexenera-se baixo a máscara da rosa naci da nas cinzas do que se creu único Salvador.



# ~ AS ... NOSAS ... TERTULIAS ~

## GHETTO E AMBIENTE

Entendemos por ghetto aqueles lugares onde se confina a unha comunidade humana determinada sometida a certas a presións sociais, ben sean raciais, económicas, políticas ou tamén, como non, sexuais.

O ghetto gai tén tamén estas características, con algunhas notas específicas:

- Este ghetto agrupa a unha comunidade de persoas por razón da súa orientación sexual, que vai contra a NORMA imperante, sufrindo por elo a persecución e marxinación, que os leva a utilizar o ghetto coma unha especie de refúxio contra da discriminación.

- Dentro do ghetto parece que o desexo homosexual pode manifestar-se con certa liberdade, como unha especie de territorio conquistado á "normalidade" heterosexual. Pero no fondo todo isto encerra unha gran trampa, xa que o ghetto convirte-se no lugar onde a homosexualidade ou o desexo homosexual é aillado para a súa millor identificación e control. Igual que os tolos só se encerran nos manicomios, os gais son "encerrados" nos ghettos, para que do mesmo xeito que a locura nos manicomios o desexo homosexual só viva nos ghettos, e nunca fóra deles.

- O ghetto gai pode ser a confirmación da dobre moral. Nel, un homo "reprimido" pode desafogar, fuxir da represión social e logo unha vez "aliviado" volve ao mundo "normal" de xeito que a sociedade de espera del.



Unha vez ao mes organizamos no Rua Nova unha tertulia, ás que por certo invitamos-vos a todos/as, nas que falamos de temas de interese e de actualidade nun ambiente distendido.

Non tés desculpa. Animate, pois, a acudir ás nosas tertulias.

Un aspecto máis, sería o carácter este reotipado dos valores e relacións que dominan no ghetto e a súa tendencia a servir de "escaparate-vidreira" onde as persoas, maioritariamente, observan unhas pautas de comportamento artificial, cargadas de pose e exhibición.

O ghetto gai e unha estrutura pechada, con normas ou cerimoniais, costumes e ritos, pero mentras exista esta sociedade será moi difícil eliminar sen traumas os ghettos. Isto sucederá cando a sexualidade deixe de dividir-se en categorías homo-hetero, activo-pasivo, masculino-feminino... e que calquer forma de sexualidade poda expresarse e ser vivida con total liberdade.

Con todo, e a pesar de todas as notas negativas, o ghetto é o mellor lugar existente agora e nesta sociedade, na medida en que nel se leva a cabo relacións entre persoas discriminadas fóra do ghetto, atopando aquí unha certa protección para a expresión dos seus desexos.





los individuos en grados infinitamente variábeis, formando un verdadeiro contínuo "hetero-homosexualidade", universalmente presente en casi todo ser humano (Kinsey e cols).

É xa histórica o empeño da ciencia médica en buscar unha "hipótese bioloxicista" que responda á eterna pregunta de se os homosexuais nacen homosexuais ou a sua atracción polo seu propio sexo é unha cualidade circunstancial.

Este obsesivo interés por achar "a definitiva teoría" sobre as "causas da homosexualidade", é por sí só unha discriminación persecutoria sellada por prexuízos sexistas e heterosexistas sen obxetividade científico-médica algunha.

Para cándo a busqueda tamen das "causas da heterosexualidade", mais infrecuente do que se nos fai creer?

En fin, "diferentes" ou non, e desexando que ao señor LeVay lle medre, seguiremos na loita esencial de reivindicación dos dereitos democráticos que coma cidadáns gais e lesbianas exigimos.

LOLLO

## UNHA DE COMICS

Esta-se a publicar no noso país dende hai uns meses o cómic de orixe estadounidense "Omaha, la gata bailarina". Os seus autores son Reed Waller e Kate Worley, que comenzaron a sua actividade profesional na época underground (anos 70), da que reciben grandes influéncias (Robert Crumb).

Trata-se dun cómic editado, na sua orixe, por unha editorial independente, o que significa: non suxeta a censura (Comics Code) e plantexamentos máis avanzados.



A obra está feita en branco e negro, algo non habitual na actualidade, e nela utilízanse os "funny animals", todos os persoaxes son animais humanizados. Con iso consegue-se un alonxamento xeral do mundo real, a pesares de que a historia é un reflexo dun trozo da nosa sociedade.

A historia é un folletín decimonónico con persoaxes e situacións actuais. Nela mézclan-se elementos de todos os xéneros:

policíacos, políticos, sexo, amor..., centrando-se cada vez máis, a medida que avanza a historia, no estudo dos persoaxes.

Vista en conxunto, un dos aspectos máis destacado é o sexual, tema mostrado sin prexuízos, con naturalidade. Como din os autores: "Promovemos o sexo como unha cousa divertida, sana e normal".

É esta unha obra coral, cunha protagonista principal (Omaha), pero rodeada dunha multitude de persoaxes que, sin ser protagonistas, non se resisten a facer o papel de secundarios.

E quero destacar un deles: Rob Shaw, homosexual, e o seu compañeiro.

Na obra retrátanse uns persoaxes homosexuais totalmente introducidos na sociedade. Non son "locas históricas", nin asasinos, nin desequilibrados. Son persoas que viven a sua sexualidade ao seu xeito.

Ao mesmo tempo mostran-nos relacións homosexuais en

tre heterosexuais. É algo normal. As categorías sexuais son algo flexible e convencional, algo a superar.

En resumen: Un bo debuxo, unha historia entretida e un tratamento dos temas aberto. Un bo cómic. Vo-lo recomendo.

E non cobro comisión.



GRUPOS GAIS DO ESTADO ESPAÑOL

- COORDENADORA DE FRONTES DE LIBERACION HOMOSEXUAL DO ESTADO ESPAÑOL (COFLHEE)

\* EHGAM

Apdo. 1667. 48080 BILBO (BIZCAIA)

Apdo. 1632. 20080DONOSTIA (GUIPCZCOA)

Apdo. 1157. 31080 IRUÑA (NAFARROA)

\* COGLES

Apdo. 713. 37080 SALAMANCA

\* COLLECTIU LAMBDA

Apdo. 1197. 46080 VALENCIA

\* COLECTIVO GAY DE AVILA

Apdo. 105. 05080. AVILA

\* COGAM

R/ Barbieri, 3-3ºD. 28043 MADRID

\* FAGC

R/ Villarroel, 62 3º 1º. 08011 BARNA

\* IDENTIDAD HOMOSEXUAL DE TENERIFE

Apdo. 10309. 32002 SANTA CRUZ DE TENERIFE

\* JOGAL

Apdo. 627. 02080 ALBACETE

\* RADICAL GAY

Apdo. 3294. 28080 MADRID

- OUTROS GRUPOS DO ESTADO

\* COORDINADORA DE INICIATIVAS GAIS DEL ESTADO ESPAÑOL

R/ Tallers, 42 2º 1º. 08001 BARCELONA

\* CASAL LAMBDA

R/ Passeig Picasso, 40 3º 1º. 08001 BARNA

\* INICIATIVAS GAIS DE MADRID/GAIS EN FORMA

R/ Barbieri, 3 3º. 28004 MADRID

\* ASOCIACION ANDALUZA HOMOSEXUALIDAD Y SALUD

Apdo. 356. 41080 SEVILLA

\* COLECTIVO GAI DE COMPOSTELA (CGC)

Apdo. 191. SANTIAGO DE COMPOSTELA

